



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Anxo Fariña

[Ramón Nicolás 20 Decembro 2017](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

– Sensible.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– A empatía.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Que me apoiem cando o precise.

4.– A súa principal eiva?

– Pensar demasiado.

5.– A súa ocupación favorita?

– Imaxinar.

6.– O seu ideal de felicidade?

– A ausencia de dor. E, a partir de aí; cociñar para a miña familia, un paseo pola natureza, unha cervexa cos amigos, algo de escalada, ler...

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Que lle acontecese algo ao meu fillo.

8.– Que lle gustaría ser?

– Unha persoa.

9.– En que país desexaría vivir?

– No meu. Pero con menos lumes, menos hipocrisía, máis coidado pola natureza...

10.– A súa cor favorita?

– Verde.

11.– A flor que máis lle gusta?

– A do toxo.

12.– O paxaro que prefire?

-Aguia

13.– A súa devoción na prosa?

-Por épocas. Agora, Murakami e Faulkner.

14.– E na poesía?

– As dos meus amigos escritores/as.

15.– Un libro?

– *A historia interminable.*

16.– Un heroe de ficción?

-Un anti-heroe de cómic: Logan (lobezno).

17.– Unha heroína?

– Ninfa (un dos personaxes dos Megatoxos).

18.– A súa música favorita?

-Variada e depende da época. Non pode faltar algo de Frank Sinatra e Coltrane.

19.– Na pintura?

– Matisse, Klimt...

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– Os que son quen de sobreponerse a enfermidades ou adversidades terribles.

21.– O seu nome favorito?

– Aidan.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A impuntualidade.

23.– O que máis odia?

-A violencia.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Por desgraza temos moito onde elixir. Franco, Hitler...

25.– Un feito militar que admire?

-Admirar ningún. Como escritor fascínanme moitos episodios bélicos da historia. Sobre todo polas microhistorias dos seus participantes que adoitan quedar no anonimato ensombrecidas polos mandatarios.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– Unha mellor saúde.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

– Sen dor e en paz.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Ultimamente máis melancólico do que me gustaría.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– O medo.

30.– Un lema na súa vida?

– Imos aló.